



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A CONCERTACIÓN DO ALUGAMENTO DUN INMOBLE CON DESTINO A DEPENDENCIAS DO DISTRITO FORESTAL XII-MIÑO-ARNOIA, DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
Subdirector xeral do Patrimonio

Vogais: D. Jacinto Álvarez Somoza,
interventor delegado da Consellería de
Facenda

Dª María del Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de Facenda
Silvia Cortiñas Fernández, Vicesecretaria
Xeral da Consellería do Medio Rural

Secretario: D. Ignacio Mª García de los
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2020, sendo as 10:00 horas, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza, 8, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a avaliación previa da documentación presentada ao concurso.

Iníciase o acto polo sr. presidente dando lectura á certificación expedida xefa de negociado do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía, no Edificio Administrativo de San Caetano na que consta dentro do prazo outorgado a presentación dunha oferta:

<u>Nº rexistro</u>	<u>Data asento</u>	<u>Nº sobres</u>	<u>Nome do licitador</u>
39312	16/06/2020	2	JOSE CARLOS LOPEZ FIDALGO

A continuación o Presidente ordena a apertura do sobre correspondente á documentación administrativa da oferta presentada.

A documentación presentada por JOSE CARLOS LOPEZ FIDALGO é a seguinte:

- Folla independente onde conste o contido do sobre enunciado numericamente (7.4.1.a)
- Folla de datos de contacto (7.4.1.b)
- Declaración responsable da cláusula 7.4.1.f do prego de condicións (Anexo I)

Visto que a documentación presentada por JOSE CARLOS LOPEZ FIDALGO se axusta aos criterios establecidos no prego de condicións, a mesa admite esta proposta á licitación.



Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 10:20 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados


O presidente


Pablo Viaño Lorenzo

O interventor delegado


Jacinto Álvarez Somoza

Vicesecretaria Xeral
da Consellería do Medio Rural


Silvia Cortiñas Fernández

O secretario


Ignacio Garcia de los Huertos

A asesora xurídica


María del Carmen Rodríguez Mujico